

DESCUBRINDO A NATUREZA EN MAÑÓN

As praias de Esteiro e Bares e o Río Sor



Edita: Concello de Mañón.

Realización, deseño e contidos: Areamapa SC, Eduardo Van den Eyde, Alejandra Feal e Antonio Martínez Pernas.

Fotografías: Pablo Gutiérrez Varga, Antonio Martínez Pernas e arquivo de Areamapa.

Depósito Legal: C 1292-2015

Imprime: Proxectos gráficos Aldine Ferrol S.L.

Queda prohibida a reprodución total ou parcial deste documento (incluíndo textos, gráficos, fotografía a e deseño) nen a incorporación a sistema informático algún sen a perceptiva autorización do editor e os autores.

Esta guía foi financiada coa subvención resolta segundo consta no BOP venres 17 de abril de 2015, nº71

O RÍO SOR E AS PRAIAS DE BARES E ESTEIRO

- unha introducción aos seus valores ambientais -

O coñecemento da biodiversidade do noso entorno inmediato é a mellor forma de sensibilizar á sociedade no respecto ao medio ambiente e na reivindicación da súa conservación. O concello de Mañón conta cunha ampla variedade de hábitats e fermosas paisaxes, a conservación dos cales pasa porque a sociedade sexa consciente da súa importancia ambiental. Esta pequena guía preséntase como unha introdución aos valores medioambientais do Río Sor e das praias de Bares e Esteiro, no contexto dun proxecto de conservación destes espazos que ten como obxectivo principal facer á sociedade partícipe da conservación do medio ambiente promovendo un desfrute responsable da natureza.

CONTEXTO XEOGRÁFICO DO CONCELLO DE MAÑÓN

Mañón sitúase no extremo nororiental da provincia da Coruña, limita con Lugo polo leste e pertence á fermosa comarca de Ordeal. O concello presenta unha característica forma alongada e estreita, derivada da súa orografía. As terras de Mañón pertencen á ladeira occidental do río Sor, que á súa vez son as estribazóns setentrionais das Serras da Faladoira e a Coriscada, ambas de orientación norte-sur. O Río Sor percorre o concello seguindo a mesma dirección que as devanditas serras, de sur a norte, e remanta nun esteiro de gran importancia medioambiental.

Dende o punto de vista xeolóxico Mañón é unha zona complexa. O cabo de Estaca de Bares labrouse sobre materiais graníticos, máis resistentes que as rochas metamórficas (bandas de cuarcitas e filitas) da Serie do Ollo de Sapo que afloran dende o porto de O Barqueiro cara o sur e polos que transcorre encaixado e formando meandros o río Sor. A ubicación do Porto de Bares corresponde a unha pequena depresión xerada a favor dunha faia de dirección noroeste-sueste.

Mañón forma parte da rexión bioclimática atlántica e ten unha importante diversidade de medios e paisaxes. Se ben a serra confírelle un relevo escarpado, con pendentes marcadas, Mañón é tamén un concello litoral e así, o mar é factor fundamental no seu relevo e clima. O mar labrou os acantilados, determina a dinámica das praias e fai que domine un clima oceánico húmido. A diversidade de hábitats e especies do sector litoral levou a que gran parte da costa de Mañón este protexida como Zona de Especial Conservación dentro da Rede Natura 2000.

UNIDADES AMBIENTAIS

A pesar do seu pequeno tamaño (82,1 km²) o concello de Mañón presenta unha considerable variedade de hábitats e paisaxes que son o resultado da impronta do home sobre o medio natural. Para dar unha idea xeral desta diversidade o mapa da páxina 3 propón unha división xeral das terras do concello en unidades ambientais. A definición de unidades ambientais homoxéneas facilita a interpretación do medio e a implantación de medidas de conservación.

(i) Ladeira occidental do Val do Río Sor.

Esta gran unidade pode ser dividida en dúas subunidades: a **zona de cumios e vales** encaixados que regan ao río Sor polo oeste, e que se caracteriza pola presenza de matogueiras e masas forestais de repoboación salpicadas por afloramentos rochosos. E por outro lado a zona onde se encaixa o **río Sor** e na que aparecen bosques de ribeira.



Vista dos cumios da Serra da Faladoira

(ii) Sector litoral

Comprende os **acantilados** rochosos e as **praias**. Os acantilados nesta zona caen cun perfil abrupto sobre o mar; neles a vexetación está adaptada ás condicións de salinidade e vento deste entorno e nas zonas máis altas forma mestas matas de toxos, xestas e herbáceas. Na costa de Mañón dominan os acantilados, se ben existen praias de area que fican protexidas entre saíntes rochosos; estas praias son Bares, Esteiro e Vilela.




Praia de Bares, coído e matogueiras.

(iii) Esteiro do Sor

O esteiro do Sor corresponde ao complexo de desembocadura deste río. Esta zona achairada formada pola sedimentación de areas e fangos acolle unha vexetación adaptada aos cambios nas mareas e á salinidade das augas. A formación vexetal típica deste entorno son as marismas na zona emerxida e os zoosterais na zona sumerxida.



Marismas no esteiro do río Sor



BIODIVERSIDADE E ESTADO DE CONSERVACIÓN DO RÍO SOR

O río Sor nace 50 quilómetros terra a dentro como consecuencia da confluencia do propio río Sor e outros ríos e regatos que forman unha cabeceira ramificada. Dende o seu nacemento ata a súa desembocadura na Ría de O Barqueiro o Sor exerce de fronteira natural entre as provincias da Coruña e Lugo. Trátase dun río típico da vertente cantábrica da Península: curto e cun caudal abundante ao longo de todo o ano grazas aos aportes regulares das chuvias.

No río Sor podemos distinguir dúas unidades morfolóxicas ben definidas. Por un lado, temos un val fluvial fortemente encaixado e, polo outro, a zona da desembocadura onde a dinámica mariño-fluvial propiciou a formación do Esteiro do río Sor.

O esteiro do río Sor

Trátase dun excelente exemplo de ecosistema de desembocadura, caracterizado pola acumulación de sedimentos continentais sometidos á acción das mareas. Estes sedimentos forman o sustrato necesario para o desenvolvemento de especies vexetais especialmente adaptadas ás fluctuacións mareais e de salinidade dando lugar a unha zonación de hábitats dende a desembocadura cara o interior.

os **esteiros** son zonas de interfase entre a dinámica das augas fluviais e as mariñas costeiras.
o **hábitat** é o conxunto de factores xeográficos que inciden no desenvolvemento dunha especie.

Esta variedade de hábitats determina que os esteiros sexan ecosistemas moi ricos en biodiversidade, e así acontece no esteiro do Río Sor. Nas xunqueiras domina o xunco mariño e tamén hai pequenas manchas vexetais formadas por salicornia, unha planta suculenta que tolera a salidade dos ambientes estuarinos. As marismas son ademais o hábitat de diversas especies de aves límícolas como os pilros e as píllaras. Nos sedimentos areosos non vexetados son moi abundantes os moluscos, como as ameixas e os longueiróns ademais de aves que atopan aquí o seu alimento, como as garzas ou diferentes especies de gaivotas.



Vista do sector de desembocadura



Xunco de mar



Garza real

O río Sor

Os fortes desniveis da vertente occidental do río Sor ao seu paso polo concello de Mañón limitaron de forma considerable as actividades humanas e permitiron a pervivencia de formacións boscosas autóctonas que forman un ecosistema de moita importancia natural pola elevada biodiversidade de especies que alberga. Este bosque atlántico de ribeira ou fraga, ten entre as súas especies arbóreas máis emblemáticas ao carballo (*Quercus robur*), o castiñeiro (*Castanea sativa*), o pradairo común (*Acer pseudoplatanus*) ou o acivro (*Ilex aquifolium*), ademais de importantes comunidades de fentos, mofos ou liques. Toda esta variedade de especies vexetais permiten a formación dun biotopo propicio para o desenvolvemento dunha variada fauna. Nembargantes, este espazo non está exento de ameazas, que podemos resumir na proliferación de especies arbóreas non autóctonas, como o eucalipto ou a acacia negra (*Acacia melanoxylon*); estas especies son capaces de eliminar á vexetación competidora dando lugar a comunidades vexetais moi pobres coa conseguinte perda de biodiversidade. A pesar destes problemas o río Sor presenta unha variada biodiversidade e é un dos principais ríos da comunidade galega que non presenta saltos hidráulicos en todo o seu cauce.

No val do río Sor cómpre destacar a presenza de varias especies endémicas propias do noroeste da Península: entre outras, unha variedade de narciso coñecida como afrouxón (*Narcissus asturiensis*), o caracol de Quimper (*Elona quimperiana*), especie que só aparece na cornisa cantábrica e na Bretaña francesa; un coleóptero (*Carabus gallicianus*) ou o anfibio píntega rabilonga (*Chioglossa lusitanica*). Moitas destas especies son vulnerables ou están baixo algún réxime de protección.

Non esquezamos á ictiofauna, troitas e reos nadan nas augas deste río.



Saxifraga lepismigena



Caracol de Quimper
(*Elona quimperiana*)



Píntega rabilonga
(*Chioglossa lusitanica*)



Afrouxón
(*Narcissus asturiensis*)

BIODIVERSIDADE E ESTADO DE CONSERVACIÓN DA PRAIA DE ESTEIRO

A praia de Esteiro localízase no noroeste do concello de Mañón, na parroquia de Mogor, e limita co concello de Ortigueira polo oeste. Esta praia coincide coa desembocadura do río Esteiro e podemos considerala parte dun pequeno complexo estuarino. Así, de sur a norte distínguense os seguintes hábitats: marisma, praia interior, dunas estabilizadas con piñeiros, praia e acantilados.

Este pequeno complexo litoral atópase nun excelente estado de conservación, sendo as ameazas ao seu equilibrio limitadas e relacionadas coa expansión de especies non autóctonas ou a presión que poidan exercer os visitantes na época estival.



Vista panorámica da praia de Esteiro




Piñeiros nas dunas da praia de Esteiro


Esta diversidade de hábitats tradúcese tamén nunha importante diversidade de especies de flora e fauna. Os animais e plantas dos acantilados amosan unha clara zonación en función da influencia do mar; así nas partes máis próximas á auga, e que están afectadas polas mareas, habitan organismos fixados á rocha como os arneiróns, os mexillóns e as lapas; máis arriba, aparecen especies vexetais adaptadas ao vento e á salinidade.

Na praia observaremos diversas especies de gaivotas e aves limícolas en migración que se alimentan na beira do mar de microalgas e microorganismos.

Na duna máis próxima á praia predomina a *Ammophila arenaria*, coñecida como feo de praia, unha especie de planta con longas raíces para chegar á auga doce e longos talos flexibles que aturan as brisas mariñas. O sector dunar máis alonxado da praia é unha duna estable con piñeiros. Este é un bo lugar para observar ao alelí de praia (*Malcolmia littorea*), unha fermosa planta de flores moradas característica das dunas costeiras en Galicia e que está a ver reducido o seu hábitat. Nos piñeiros cría a pica das árbores (*Anthus trivialis*), un paxaro catalogado como "de interese especial" no Atlas Nacional de Especies Amenazadas. A fermosa orquídea branca (*Platanthera biofilia*), moi escasa en Galicia, está presente nesta zona.



Pica das árbores



Gaivota patiamarela



Alelí de mar




Orquídea branca

BIODIVERSIDADE E ESTADO DE CONSERVACIÓN DA PRAIA DE BARES

A praia de Bares localízase no norleste do concello, preto do núcleo de Porto de Bares; esta proximidade ao núcleo urbán fai que o grao de conservación desta praia sexa menor que o de Esteiro e Vilela. Sen embargo, esta praia é moi fermosa e presenta unha importante diversidade de hábitats e especies así como interesantes aspectos xeomorfolóxicos. A praia presenta unha orientación norte-sur e formouse a favor dunha valgada que coincide cunha faia de dirección noroeste-sueste. A praia fica dividida en dúas partes por un sainte rochoso formado por erosión diferencial nun dique de cuarzo. Na zona sur da praia salienta un coido de bolos de granodiorita pulidos polo mar; iso non é todo, nesta pequena praia afloran tamén gneis da serie do Ollo de Sapo, e polo tanto é un excelente lugar para coñecer a xeoloxía da contorna.

Entre as rochas do coido e as do dique pódese observar a pranta pioneira das praias Cakile marítima. As dunas do sector norte están degradadas e nelas a flora non é moi diversa, aínda que podemos distinguir entre outras especies o feo (*Ammophila arenaria*), a leiteira (*Euphorbia paralias*) ou o alelí de mar (*Malcomia littorea*); pola contra, nas dunas que aparecen no centro da praia se atopan estabilizadas por vexetación herbácea e variadas especies propias das dunas secundarias que forman un hábitat moi ben conservado. Nestas dunas pódense observar entre outras especies a lagartixa galega (*Podarcis bocagei*) que é endémica do noroeste peninsular, a flor da abella (*Ophris apifera*) e a choia (*Pyrrhocorax pyrrhocorax*).



Flor da abella

Por detrás das dunas hai unhas mestas matogueiras formadas principalmente por toxos (*Ulex europaeus*) e fentos (*Pteridium aquilinum*) e nalguns sectores por abruños (*Prunus spinosa*). Esta zona é interesante para a observación de paxaros en migración. A principal ameaza para a conservación deste hábitat é a expansión dos eucaliptos e outras especies invasoras, mentres que no caso das dunas preocupa o fraccionamento do hábitat pola apertura de pistas e a degradación polo pisoteo dos visitantes.



Feos e leiteira na duna móbil



Choia



PARA SABER MÁIS...

Concello de Mañón
correo@manon.dicoruna.es
telf. 981 41 40 02

Sociedade Galega de Ornitoloxía
www.sgosgo.org

Sociedade Galega de Historia Natural
<http://www.sghn.org/>

www.cousasdonorte.com

